

# O GUERREIRO GALAICO DE RALLE (TABOADA-LUGO): RELECTURA ETNOARQUEOLÓXICA DO TORQUES

Por Laureano FERNÁNDEZ CARBALLO<sup>1</sup>

Universidade de Santiago de Compostela

*Á memoria da miña avoa, María Carme García Montenegro (1906-1999)*  
*Á miña familia*

**Abstract:** With this work is wanted to make know the find of a new galaic warrior statue in Ralle, Taboada (Lugo), Galicia. Some of the torques roles are reviewed from an etnoarcheological point of view and new interpretative hypothesis are proposed.

**Key words:** Sculpture, Gold, Torque, Iron Age, Castrexu Culture, Galaic Warrior.

*Ando limpando a casa de cacharros e trastos  
lacenras e faios sin deixar rechubazo.  
Ando a tocarlle as maos ós antepasados...*

(Uxío Novoneyra, 1972)

*Iste traballo, antecipo dunha serie, foi dirixido e norteado pola miña mestra Josefa Rey Castiñeira, «Pepa». Gracias pola súa inesgotable axuda e paciencia infinita.*

Moi de cando en vez, a fortuna pon nas nosas mans un anaco da nosa historia. No lugar de Ralle (Latitude 42° 40' 40" N ; Lonxitude 4° 05' 02" W - Folla número 123, Portomarín (MTN)), (Fig. 1, mapas 1 e 2), parroquia de Vilela, concello de Taboada, provincia de Lugo, atopamos unha boa mostra do devandito, (Láminas 1, 2, 3 e 4). Ista inédita mostra, patrimonio dunha familia do lugar (ROMA VALDÉS, 1998), lamentablemente descontextualizada pero, contodo, cunha clara semellanza (depositada no Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, (Lámina 5)) coa cabeza de Castro de Río (CALO LOURIDO, 1994: 391-394), parroquia de San

<sup>1</sup> **Agradecementos:** A Raquel Casal García, pola súa cooperación e inesquecible apoio. Ós catedráticos Fernando Acuña Castroviejo, José Carlos Bermejo Barrera e José Manuel Vázquez Varela. A Ismael Branco Casais, Anxo Moure Mosquera, Roberto Novo Sánchez, Antonio Roma Valdés, Elías Varela Otero, Xosé Manuel Vázquez Rodríguez e, en especial, a Iago Urgorri Serantes e á súa familia.

A Anna Briand, Uxía Fernández Calvo, Goe, José Manuel Lois Rodríguez, Davide Seném e Silvério Salvador Outeiro Rodrigues, Jaime Paz Bernardo, Uxía Pedreira Sánchez, Ramon Pinheiro Almuinha, Roberto Reigosa Méndez, Alberto e Toño (Fotocopias Pelamios), ó persoal do Museo Arqueolóxico Provincial de Lugo e do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, e á propietaria da estatua, graciñas.

Salvador de Río, concello de Vilamarín, provincia de Ourense. A nosa cabeza, de granodiorita con megacristais e moi rolada, ainda conserva todo o seu valor histórico intacto. As súas medidas son:

*Altura total: 82 cm.  
Altura da cabeza: 62 cm.  
Arco das cellas: 12,5 cm.  
Perímetro da cabeza polo arco das cellas: 156 cm.  
Altura dos ollos: 8,5 cm.  
Anchura dos ollos: 10 cm.  
Fondo dos ollos: 1,5 cm.  
Distancia entre os ollos: 8 cm.  
Altura da orella esquerda: 15 cm.  
Anchura da orella esquerda: 7 cm.  
Altura do nariz: 15 cm.  
Anchura da base do nariz: 11 cm.  
Altura da boca: 7 cm.  
Anchura da boca: 8 cm.  
Fondo da boca: 1,3 cm.  
Base do nariz ó queixo: 18 cm.  
Lonxitude do eixo anteroposterior do capacete: 40 cm.  
Lonxitude do eixo transversal do capacete: 47 cm.  
Diámetro do burato do capacete: 7 cm.  
Fondo do burato do capacete: 2 cm.  
Altura do cubrecaluga do capacete: 10 cm.  
Altura da orelleira esquerda do capacete: 17 cm.  
Base do cubrecaluga ó torques: 9 cm.  
Altura do torques nos ombros: 14 cm.  
Fondo do torques nos ombros: 5 cm.  
Altura do torques por detrás: 17 cm.  
Fondo do torques por detrás: 3,5 cm.  
Altura do termo esquierdo do torques: 15 cm.  
Anchura do termo esquierdo do torques: 14 cm.  
Fondo do termo esquierdo do torques: 7 cm.  
Distancia entre termos do torques: 15 cm.  
Perímetro do torques: 125 cm.  
Base absoluta ó queixo: 20 cm.  
Base absoluta ó torques: 14 cm.  
Base absoluta ó cubrecaluga: 39 cm.  
Perímetro da base: 145 cm.*

Cronoloxicamente encadrable entre o século I a.C. e o período flavo, culturalmente encardinable na Cultura Castrexa e, na espera dunha más demorada análise, tentaremos facer unha achega para a relectura etnoarqueolóxica do obxecto que salienta no pESCOZO da nosa cabeza, isto é, o torques.

Nomeamos ouro ó escaso metal de cintilante cor amarelada, materia prima cuns excepcionais atributos de ductilidade, maleabilidade e inalterabilidade. Xa dende moi cedo (ROMERO MASIÁ e POSE MESURA, 1988 ; BALBOA SALGADO, 1996) as aureanas galaicas tiraron proveito da fartura metalífera dos xacigos secundarios, depósitos sedimentarios de natureza fluvial, bateando e peneirando os praceres e aluvións na procura das miúdas areas e pebidas preciosas:

*...Entre os Ártabros, que son os últimos da Lusitania cara o Noroeste, di (Posidonio) que a terra florece de prata, de estaño e de ouro branco, xa que está misturado con prata e que os ríos arrastran esta terra e que as mulleres remóvena con angazos e lávana en cribos tecidos en forma de cestos. Isto é o que dixo (Posidonio) sobre as minas.*

ESTRABÓN, III, 2, 9

Con antecedentes (dúas unidades inicialmente, un único exemplar conservado hoxe en día, de 870 g. e 22 cm. de diámetro máximo) no colar ríxido de sección circular e apéndices aplanados e furados do «tesouro» (a meirande acumulación de ouro prehistórico (Idade do Bronce Antigo Atlántico) no occidente de Europa, con, orixinalmente, máis de 40 Kg. dos que, arestora, conservamos orredor de 17 Kg. distribuídos en 36 obxectos de distinta fasquía) de Caldas de Reis I (Pontevedra), colares con paralelos na Bretaña insular (Yarnton e Lumphanan), na Bretaña continental (Kerivoa-Bourbriac) e Holanda (Bennekum), e, co chanzo intermedio dun colar ríxido-torques de ferradura, Iugués (BALSEIRO GARCÍA, 1994), de sección romboidal e termos cadrangulados, é na transición á Idade do Ferro Medio Castrexo onde atopamos o berce e o feito do obxecto que nos ocupa, isto é, o torques.

Definimos torques (do latín *torquis* virar) ó colar metálico áureo (no noroeste da península) ríxido, concorrencia de haste de sección voluble (cáseque na xeneralidade dos casos, circular) e termos hipertrofiados na parte frontal, aberta, que cinxe o pescozo cun peso moi flutuante (Rendar (Lugo) 112 g. , Burela (Lugo) 1812 g.).

De filiación remota (CASTRO PÉREZ, 1990), sendo no mundo celta onde iste óptimo vehículo conceptual atinxiu a meirande sona (LÓPEZ CUEVILLAS, 1951), chegando a se consolidar símbolo ubícuo e sobranceiro dista fecunda civilización europea da Idade do Ferro (VV.AA., 1991a e 1991b), os ourives galaicos harmonizaron nos seus crisois a autóctona tradición indíxena co concurso dunha escolma de alias e temperás achegas técnicas atlánticas (ALONSO ROMERO, 1976) e do Hallstatt D, coma o repuxado e a estampaxe, conciliándoas coas, más serodias, achegas meridionais da filigrana e a granulaxe. Non estimamos moi relevante o elemento La Tène (agás, se cadra, nos torques de Xanceda (A Coruña), esluido nun primordial oficio fisterrán), lene e anecdótico na acusada personalidade (PEINADO Y GÓMEZ, 1965) dun polimorfo conxunto (con más de 120 exemplares, hoxe por hoxe, coñecidos e, unha miudaxe, ainda así, do volume total xerado). A sona acadada polos nosos xolleiros atinxiu ate Aníbal (247-183 a.C.), o egrexio fillo

de Amilcar Barca. Silio Itálico compila tres dous dun agasallo ó nomeado xeneral cartaxinés:

*Obra da terra Callaica*

SILIO ITÁLICO, II, 397

*Fixérono mans Callaicas*

SILIO ITÁLICO, II, 417

*Disco redondo que brila, de remate Callaico*

SILIO ITÁLICO, IV, 326

Isto denota a capacidade, prestixio, renome e talentoso xenio dos ourives galaicos xa en datas temperás dos séculos III e II a.C.

A arte plástica , emulación do corpóreo ou do incorpóreo ó traves do perceptible, é un vector privilexiado de representación cultural e ideolóxica (VÁZQUEZ VARELA,1990, 1994 e 1995). O torques revela, abranxe e escolma o devandito e mesto acervo histórico fornecendo unha complexa multiplicidade de valores concomitantes, conciliados nun documento ambiguamente intelectible na pretérita plenitude operativa do, contodo, poderoso código psicolóxico eficazmente materializado na ostentación da súa contundente metáfora metálica.

Non obstante, ista críptica alegoría indíxena transluce e compartilla ó «inocente» observador actual (BERMEJO BARRERA, 1978, 1986 e 1994) diversos valores, a saber:

Un **valor estético**, alicerzado no engado da súa requintada arte (ACUÑA CASTROVIEJO, 1992) e preciosa materia prima.

Un **valor apotropaico**, apadriñado na devandita materia prima, o ouro (LLINARES GARCÍA, 1990), identificando, cultuarmente (ELUÉRE,1982), os místicos atributos do sol coas súas míticas propiedades metalúrxicas e metaloterapéuticas.

Un **valor rexional**, apoiado nos criterios tendentes ás converxencias étnicas e territoriais (REY CASTIÑEIRA, 1995: 165-171 e 1997: 159-206), criterios estes, certificados nunhas rexións (COELHO FERREIRA DA SILVA, 1986) nitidamente perceptibles por obradoiros estilísticos.

Un **valor ceremonial**, comprobado nos miúdos torques (VV.AA.,1997:218-229) ligados nas machadiñas bronceas de Cariño (A Coruña), e Lalín (Pontevedra).

Un **valor psicopompo**, confirmado nas reiterativas decoracións, con ornitorrincos acuáticos (DÍAZ Y DÍAZ, 1985 ; PÉREZ OUTEIRIÑO, 1982), da ourivesaría indíxena, isto é, torques de Lugo (Lugo) e Vilas Boas (Tras-os-Montes), arracada de Vilar de Santos (Ourense), e diademas de Ribadeo (Lugo), Bedoiña e Elviña (A Coruña).

Un **valor marcial**, demostrado na estatuaría (CASTRO PÉREZ, 1992) dos guerreiros galaicos e do guerreiro do túmulo de Hirschlanden-Hohenasperg, Baden-Württemberg (Alemaña).

Garantido na etimoloxía (galo \**wiro* torques, galés *gwyro* virolho, bretón *gwar* cambar, francés *virole* anel metálico, galego *virola* aro metálico ornamental) do antropónimo Víriato (RIVAS QUINTÁS, 1992 e 1994), nobre guerreiro lusitano insubmiso ós romanos.

Probado na súa teimosa asociación a efixies virís e imaxes de guerreiros, cabalos, armas e porcos bravos, reproducidas nas cuñacións celtas (ELUÈRE, 1987 ; NASH, 1987) insulares e continentais.

E ratificado na apropiación romana do bélico distintivo «bárbaro» (ALONSO DEL REAL, 1972) a xeito de cativas condecoracións militares.

En última análise, un **valor xerárquico**, validado na súa exhibición manual, a xeito de báculo (corniforme ou lunar) nas devanditas moedas celtas e no caldeiro arxénteo de Gundestrup (Dinamarca). É oportuno, niste intre, lembrar os sons de axóuxeres xerados ó abalárense os torques de Xanceda (A Coruña).

E, xustificado na exteriorización dun ben suxoso, marcador emblemático (suspeitosamente semellante a un C inverso...) e categorizador dun rango social privilexiado, patrimonio privativo das aristocráticas élites guerreiras dos principados indíxenas (BRAÑAS, 1995), coercitivamente lexitimadas e perpetuadas no seu *status hexemónico* (GARCÍA QUINTELA e VÁZQUEZ VARELA, 1998), corroboración dunha especialización (patenteada no costume da guerra física e máxica)

*Tódolos habitantes da montaña levan unha vida sinxela, beben auga, dormen no chan e levan o pelo longo como as mulleres. Mais no combate cinguen a fronte cunha cinta. Principalmente comen carne de macho cabrío e sacrifican a Ares machos cabríos, cabalos e prisioneiros. Fan tamén hecatombes á maneira grega e como di Píndaro «sacrifican todo por centeares». E practican pelexas ximnásticas, hoplíticas e hípicas para o puxilato, a carreira, o lanzamento de dardos e o combate...*

ESTRABÓN, III, 3, 7

encarreirada vía ó abeiro e defensa da comunidade, e na supremacía da segunda (VV.AA., 1997b) das tres, compridas e solapadas, funcións dumezilianas (DUMÉZIL, 1969) vencelladas á soberanía, á guerra e á fecundidade (con cadansúa clase social respectiva e cadansúas competencias asociadas) coordenadas, ideoloxicamente, nun coherente esquema teórico, metódica e xerarquicamente ordenado, que arranxa e vertebral o esqueleto do universo indoeuropeo (VILLAR, 1991) encol da armazón íntima do substrato conceptual común ós pobos de lingua celta, xermánica, eslava *et caetera*).

*Mientras tanto, Bruto, na Hispania Ulterior, derrotou a sesenta mil Callaicos, que viñan para auxiliar ós Lusitanos, nunha batalla cruel e difícil, a pesar de que foron*

*cercados por sorpresa; nesta batalla morrerón cincuenta mil, seis mil se calcula que foron cautivos e moi poucos puideron escaparse.*

OROSIO, V, 5, 12

Desde o ano 19 a.C. (VV.AA.,1982), a conquista romana (*auri sacra fames!*)

(6) *Ademais, ás partes máis alonxadas de Gallaecia, que sembradas de montes e bosques rematan no Océano, sometéronas os legados Antistio e Firmio con grandes e duras batallas.*

(7) *Tamén cercaron con asedio o monte Medulio, que se ergue sobre o río Minio, no que se defendía unha grande cantidade de homes, rodeado por un foxo de quince mil pasos.*

(8) *E, así, cando aquela raza de homes feros por natureza e crueis, entende que non é capaz de soporta-lo asedio nin de afronta-la batalla en pé de igualdade, lánzase á morte voluntaria por medo á escravitude. Pois case todos se deron morte a pofía, valerosamente, polo lume, a espada e o veneno.*

OROSIO, VI, 21, 6-8

e a espilida explotación (SANTOS YANGUAS, 1988 ; TORRES RODRÍGUEZ, 1982) conseguinte dos, virxes, xacigos primarios, despoxará ós ourives galaicos da aurífera materia prima

(76) *Hai aínda outra obra no terreo. Cávanse canles polos que corre a auga - chámanlle «agogas»; pouco a pouco estes cúbrense de toxo. E un arbusto semellante ó romero, áspero e que garda o ouro. Os lados Están cerrados por táboas e por lugares escarpados están colgantes os canles. Baixando así a terra, deslízase ata o mar e, roto o monte, desfaise e por este motivo Hispania introduciu enormemente as terras no mar.*

(77) *O ouro obtido polos «arrugia» non se funde, senón que é ouro en sí mesmo. Así atópanse masas, pero non nos pozos, de más de dez libras; uns chámanlle a estas masas «palagás» e outros «palacurnas» e cando é pequena chámanlle «balux».*

(78) *Algúns contaron que Asturias, Callaecia e Lusitania, poreste procedemento, en cada ano, sobrepasaron as 20.000 libras de peso...*

PLINIO, Nat. Hist. XXXIII, 76-77

*Hai prata metida en todo tipo de ouro en diferente proporción, unhas veces unha décima parte, outras unha octava. Pero somentes na mina de Callaecia chamada Albucrara (Albucrarense) se atopa nunha proporción de 1/36, e, polo tanto, avantaxa ás demais.*

PLINIO, Nat. Hist. XXXIII, 80

doravante baixo a fiscalización directa da administración imperial (TRANOY, 1981), inserindo, de vez, a súa monetización (CENTENO, 1987) na premonetal economía galaica. Baixo Roma (ARIAS VILAS, 1992), a ourivesaría indíxena e a súa serventía

*Compraches todo tipo de prata,  
e só ti tes antigas obras de arte de Mirón,  
só ti tes obras de Praxíteles e Escopas,  
só ti tes obras do cincel de Fidias  
só ti tes obras de Mentor.  
Nin che faltan auténticos versos de Gratio  
nin pratos que se recubren de ouro Callaico,  
nin baixo-relevos nos móveis de familia.  
Pero entre toda a prata, admírome  
de cómo non tés, Charino, prata de lei.*

MARCIAL, IV, 39

*Cincelada copa de ouro  
Nobre polo fión Callaico, aínda que me dea rubor  
Estou orgulloso fundamentalmente pola túa arte: este é un traballo de  
Mios.*

MARCIAL, XIV, 95

devala e amortece ate a extinción dentro do novo *status* (RODRÍGUEZ COLMÉ-NERO, 1996) político.

A magnífica estela monumental (VV.AA., 1997: 274-279) de Crecente (Lugo), datada na primeira mitade do século I d.C., o único exemplo de representación escultórica de xoias romanas no noso país, clarimostra a muda ó costume do *roman way of life*.

Contodo, reparemos no epitafio da epígrafe:

*Apana. Ambo. lli. f(ilia). Celtica. / Supertam(arica). / [ ] Miobri/an(norum). XXV.  
h(ic). s(ita). e(st). / Apanus. fr(ater). f(aciendum). c(uravit).*

Isto é:

Apana, filla de Ambolo, oriunda do pobo dos célticos que viven por riba do río Tambre, da [¿liñaxe?] de Miobro, finou ós vintecinco anos e está inhumada neste lugar. O seu irmán, Apano, promoviu ista dedicatoria.

O enxebre conservadorismo indíxena, daquí en diante sen torques, patentea, alén diso, teimoso.



*Vulpes pilum mutat, nom mores...*

Xestoso, Taboada (Lugo), setembro de 2000

## BIBLIOGRAFÍA

- ACUÑA CASTROVIEJO, F. (1992): *El arte castreño del noroeste*. Cuadernos de Arte Español, 38. Madrid.
- ALONSO DEL REAL, C. (1972): *Esperando a los bárbaros*. Espasa Calpé. Madrid.
- ALONSO ROMERO, F. (1976): *Relaciones atlánticas prehistóricas entre Galicia y las Islas Británicas y medios de navegación*. Gráficas Numen. Vigo.
- ARIAS VILAS, F. (1992): *A romanización de Galicia*. A Nosa Terra. Vigo.
- BALBOA SALGADO, A. (1996): *Gallaecia nas fontes clásicas*. Universidade de Santiago de Compostela. Santiago de Compostela.
- BALSEIRO GARCÍA, A. (1994): *El oro prerromano en la provincia de Lugo*. Deputación Provincial de Lugo. Lugo.
- BERMEJO BARRERA, J. C. (1978): *La sociedad en la Galicia Castreña*. Librería Follas Novas. Santiago de Compostela.
- (1986): *Mitología y mitos en la Hispania prerromana*, Tomo II. Editorial Akal. Madrid.
- (1994): *Mitología y mitos en la Hispania prerromana*, Tomo I (segunda edición). Editorial Akal. Madrid.
- BRAÑAS, R. (1995): *Indíxenas e romanos na Galicia Céltica*. Librería Follas Novas. Santiago de Compostela.
- CALO LOURIDO, F. (1994): *A plástica da cultura castrexa Galego-Portuguesa*, 2 Volúmenes. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña.
- CASTRO PÉREZ, L. (1990): *Os torques prehistóricos*. Universidade de Santiago de Compostela. Santiago de Compostela.
- CASTRO PÉREZ, L. (1992): *Los torques de los dioses y de los hombres*. Via Láctea. A Coruña.
- CENTENO, R. M. S. (1987): *Circulação monetária no noroeste de Hispânia até 192*. Sociedade Portuguesa de Numismática. Porto.
- COELHO FERREIRA DA SILVA, A. (1986): *A Cultura Castreja no noroeste de Portugal*. Câmara municipal de Paços de Ferreira e Museu Arqueológico da Cidadela de Sanfins. Paços de Ferreira.
- DÍAZ Y DÍAZ, M. C. (1985): *Visiones del Más Allá en Galicia durante la Alta Edad Media*. Bibliófilos Gallegos. Santiago de Compostela.
- DUMÉZIL, G. (1969): *Heur et malheur du guerrier*. Paris.
- ELUÈRE, CH. (1982): *Les ors préhistoriques*. Picard. Paris.
- (1987): *L'or des Celts*. Bibliothèque des Arts. Paris.
- GARCÍA FERNÁNDEZ-ALBALAT, B. (1990): *Guerra y religión en la Gallaecia y la Lusitania antiguas*. Ediciós do Castro. Sada.
- GARCÍA QUINTELA, M. V. e VÁZQUEZ VARELA, J. M. (1998): *A vida cotiá na Galicia castrexa*. Universidade de Santiago de Compostela. Santiago de Compostela.
- LÓPEZ CUEVILLAS, F. (1951): *Las joyas castreñas*. Centro de Investigaciones Científicas «Rodrigo Carro». Madrid.
- (1989): *La civilización céltica en Galicia*, (primeira edición: 1924). Ediciones Itsmo. Madrid.
- LLINARES GARCÍA, M. (1990): *Os mouros no imaxinario popular galego*. Universidade de Santiago de Compostela. Santiago de Compostela.
- NASH, D. (1987): *Coinage in the celtic world*. Seaby. London.
- PEINADO Y GÓMEZ, N. (1965): *Torques celtas en el Museo Provincial de Lugo*. Museo Provincial de Lugo. Lugo.

- PÉREZ OUTEIRÍÑO, B. (1982): *De ourivesaría castrexa, I. Arracadas*, Boletín Auriense, anexo I. Museo Arqueológico Provincial de Ourense. Ourense.
- REY CASTIÑEIRA, J. (1995): «Cuestiones de tipo territorial en la Cultura Castreña». *Actas do XXII Congreso Nacional de Arqueología*, 165-171. Vigo
- (1997): «Referencias de tiempo en la cultura material de los castros gallegos». *A Cultura Castrexa Galega a debate*, 159-206. Instituto de Estudios Tudeños. Tui.
- RIVAS QUINTÁS, E. (1992): *Onomástica persoal do Noroeste Hispánico*. Alvarellos. Lugo.
- (1994): *Lingua galega, nivéis primitivos*. Edicións Laivento. Santiago de Compostela.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A. (coordinador) (1996): *Lucus Augusti. Tomo I. El amanecer de una ciudad*. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña.
- ROMA VALDÉS, A. (1998): «La protección penal del patrimonio arqueológico». *Estudios Jurídicos. Ministerio Fiscal VIII*, 3-33. Madrid.
- ROMERO MASIÁ, A. M. e POSE MESURA, X. M. (1988): *Galicia nos textos clásicos*. Monografías urxentes do museo, nº 3, Padroado do Museo Arqueológico Provincial da Coruña. A Coruña.
- SANTOS YANGUAS, N. (1988): *El ejército romano y la romanización de Galicia*. Universidad de Oviedo. Oviedo.
- TORRES RODRÍGUEZ, C. (1982): *La Galicia romana*. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña.
- TRANOY, A. (1981): *La Galice Romaine. Recherches sur le Nord-Ouest de la Péninsule Ibérique dans l'Antiquité*. Diffusion de Boccard. Paris.
- VÁZQUEZ VARELA, J. M. (1990): *Os petróglifos de Galicia*. Universidade de Santiago de Compostela. Santiago de Compostela.
- (1994): *Ritos y creencias en la prehistoria gallega*. Xuntanza. A Coruña.
- (1995): *Antepasados, guerreros y visiones (Análisis antropológico del arte prehistórico de Galicia)*. Deputación Provincial de Pontevedra. Pontevedra.
- VILLAR, F. (1991): *Los indoeuropeos y los orígenes de Europa*. Lenguaje e Historia. Gredos. Madrid.
- VV.AA. (1982): *Cántabros, Astures y Galaicos*. Bimilenario de la conquista del norte de hispania. Ministerio de Cultura. Madrid.
- VV.AA. (1985): *Las Guerras Cántabras*. Cuadernos de Historia. Número 58. Madrid.
- VV.AA. (1990): *Galicia no Tempo*. Consellería de Cultura e Xuventude. Santiago de Compostela.
- VV.AA. (1991a): *I Culti*. Bompiani. Milano.
- VV.AA. (1991b): *Los celtas en la península ibérica*. Monográfico da Revista de Arqueología. Madrid.
- VV.AA. (1997a): *Galicia castrexa e romana*. GTU. Lugo.
- VV.AA. (1997b): *La guerra en la antigüedad*. Fundación Caja de Madrid. Madrid.



**FIGURA 1 (mapas 1 e 2): Localización da cabeza do querreiro de Ralle.**





LÁMINA 1: Cabeza do guerreiro de Ralle: estado actual da peça e remarcado dos detalhes.




LÁMINA 2: Cabeza do guerreiro de Ralle: estado actual da peza e remarcado dos detalles.





LÁMINA 3: Cabeza do guerreiro de Ralle: estado actual da peça e remarcado dos detalhes.





LÁMINA 4: Cabeza do guerreiro de Ralle: estado actual da peza e remarcado dos detalles.





LÁMINA 5: Cabeza de Castro de Río.